



Finalizado o contrato de servizos menor REDACCIÓN DE PROXECTO REMODELACIÓN DE VESTIARIOS E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN DE DEPORTES MUNICIPAL cunha aportación de Deputación de 16.940,00 euros e un orzamento total de 16.940,00 euros

O Concello da Lama finalizou a actuación para a REDACCIÓN DE PROXECTO REMODELACIÓN DE VESTIARIOS E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN DE DEPORTES MUNICIPAL cun investimento de 16.940,00 euros que contou cunha subvención da Deputación de Pontevedra en base a publicación da convocatoria de subvencións a entidades locais de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos de proxectos do plan de recuperación, transformación e resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible, publicada no BOPPO o luns, 3 de abril de 2023.

O Concello de A Lama, solicita subvención para os gastos derivados da realización do proxecto “REMODELACIÓN DE VESTIARIOS E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN DE DEPORTES MUNICIPAL” que se acollerá á primeira convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023, segundo a Orde CUD/702/2023, de 26 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas do Consello Superior de Deportes a entidades públicas titulares de infraestruturas para mellora e optimización de instalacións e espazos deportivos que fomenten o turismo deportivo sostible,

As actuacións recollidas neste contrato de servizos deben estar orientadas á redacción dun proxecto para a remodelación dos vestiarios e a mellora da eficiencia enerxética, debendo buscar solucións os problemas que presenta na actualizade a edificación, tales como:

- Mellorar a eficiencia enerxética da envolvente mediante a instalación de paneis sándwich en fachadas.
- Instalación de paneis fotovoltaicos en cuberta.
- Substitución del sistema existente de producción de ACS por interacumulador solar e caldeira de pellets.
- Calefacción mediante caldeira de pellets
- Reorganizar los vestiarios para dotalos dun vestiario para árbitras e dous vestiarios máis para mulleres (locais e visitantes)
- Renovalos revestimentos actuais pois presentan numerosos desperfectos, roturas e desconches.
- Habilitar un aseo xeral adaptado para usuarios con mobilidade reducida.
- Habilitalos vestiarios para usuarios con mobilidade reducida.
- Instalar novos aparatos sanitarios con grifos mezcladores electrónicos con limitación de caudal e pulsadores temporizados en duchas.
- Instalar ventilación mecánica forzada en la zona de duchas de los vestiarios.
- Implantación de sistemas dixitais de control de la caldeira y el auga

Esta actuación non resulta puntual xa que o Concello leva tempo apostando pola recuperación das pistas deportivas e campos de fútbol diseminados polas diferentes parroquias e busca mellorar e aumentar as infraestruturas públicas existentes. A intervención supón tamén unha solución aos problemas que o paso do tempo foi provocando nesta construción, que é a única instalación deportiva cuberta.